



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Alcaraván (*Burhinus oedicnemus*)



NOME COMÚN

Alcaraván

NOME CIENTÍFICO

Burhinus oedicnemus

CLASE

Aves

FAMILIA

Burhinidae

DESCRIPCIÓN

De tamaño medio, destaca polo seu aspecto descoidado, con ollos moi grandes e amarelos. Ten o corpo acastañado claro, con manchas escuras repartidas polo dorso e as ás. Bico forte, coa base amarela e a punta de cor negra. A parte ventral é cremosa, con manchas pardas no peito. Nas ás destaca unha banda branca rodeada de negro nas cobertoras. Patas longas e amarelas.

Gusta de correr rápido, en movementos fugaces, e logo ficar inmóbil, mirando fixamente.

REPRODUCCIÓN

O niño é unha depresión no chan entre pedras. A partir de marzo incuban 2 ovos de cor crema con pintas acastañadas. Os polos abandonan o niño nada máis nacer. Unhas 40 parellas reprodutoras en Galicia.

ALIMENTACIÓN

Aliméntase principalmente de escaravellos (coleópteros) e saltóns (ortópteros).

HÁBITAT

Gústalle os sistemas dunares, campos ermos, pasteiros e áreas de cultivo.

DISTRIBUCIÓN

Especie cunha ampla distribución na península Ibérica, pero que está practicamente ausente na franxa húmida do norte. En Galicia distribúese fundamentalmente na comarca da Limia e en certos areas costeiros (especialmente no Parque Natural complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carrexal e Vixán). Ocupa terreos chans, con pouco ou sen arborado; nas zonas de cultivo prefere a vexetación natural a estes.

ESTADO DE CONSERVACIÓN

A ameaza principal de conservación é a intensificación agrícola, que prexudica o hábitat de reprodución da especie. O uso excesivo de insecticidas tamén supón un factor significativo de ameaza.

CATEGORÍA DE CONSERVACIÓN

En perigo de extinción.

1. Descripción do Alcaraván:

- ¿De que cor son os ollos do alcaraván?

- ¿Como é o seu pico? (Describe a cor e a forma)

- ¿Que destaca nas súas ás?

2. Reprodución:

- ¿Onde fai o niño o alcaraván?

- ¿Cantos ovos pon?

3. Alimentación:

- ¿De que se alimenta o alcaraván?

4. Hábitat:

- ¿En que tipo de lugares vive o alcaraván?

- Nomea dous lugares de Galicia onde vive o alcaraván.

5. Estado de conservación:

- ¿Cales son os perigos que ameazan o alcaraván?
